

PARTE III

**PROGRAMA DE
DESENVOLVEMENTO**

GDR-DEZA

Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro,
Silleda e Vila de Cruces

Setembro 2008


0. ÍNDICE

0. ÍNDICE.....	2
4. ANÁLISE SECTORIAL.....	3
4.1. ESTRANGULAMENTOS E POTENCIALIDADES.	9
4.2. OBXECTIVOS.	13
4.3. LIÑAS DE ACTUACIÓN.....	28
4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL.	40
4.1.2. MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL.	43
4.1.3. DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA.	44
4.5. INDICADORES.....	47
4.6. COMPLEMENTARIEDADE CON OUTROS FONDOS.....	49

4. ANÁLISE SECTORIAL.

Nesta parte, completaremos a análise realizada na segunda parte deste documento, onde se describía o medio natural e humano, fundamentais para o coñecemento dos estrangulamentos e as potencialidades do GDR, analizando este dun xeito sectorial para establecer os puntos fortes e débiles do territorio do Deza.

Neste senso, amósase a continuación os datos referentes ás empresas segundo distintos parámetros tanto a nivel de concello, como para o total do territorio.



Gráfica 7: Empresas por actividade no Deza (ano 2007).
Fonte: empresas segundo actividade. I.G.E.

Como se observa, o principal sector de actividade é o sector terciario (servizos), ocupando case un 70% do total das empresas instaladas no Deza

Hai que destacar que o sector servizos, de xeito xeneral, é o que maior número de parados acumula, así como tamén unha maior taxa de temporalidade.

Ao facer a análise por concellos obteñense os seguintes datos:

	Industria	Construción	Servizos
Agolada	21	44	122
Dozón	6	10	31
Lalín	218	361	1.295
Rodeiro	13	36	110
Silleda	82	150	555
Vila de Cruces	47	88	302


Táboa 9: Empresas por concello e actividade (2007).
Fonte: IGE.

Observase que a distribución é semellante cando a análise se fai por concellos, é dicir o sector servizos ocupa o primeiro lugar en número de empresas en todos eles, seguido da construción e do sector industrial.

Cabe destacar a importancia do concello de Lalín en canto a número de empresas fundamentalmente do sector servizos, aínda que no resto de ocupacións tamén mantén unha ampla diferenza co resto dos concellos, como cabería esperar, representando un 53,68% do número total de empresas na comarca do Deza.

Pola contra os concellos de Rodeiro e Dozón aportan tan só un 4,5% e un 1,35% das empresas respectivamente.

Se a análise se fai en función da condición xurídica observase que a figura predominante é “persoas físicas”, seguido de Sociedades Limitadas, como se mostran na gráfica seguinte.



Gráfica 8: Empresas por condición xurídica en Arcume (ano 2007).
Fonte: I.G.E.

Segundo a condición xurídica das distintas empresas por concello obtéñense os datos que seguen:

	Persoas físicas	S.A.	S.L.	Cooperativas	Outras
Agolada	143	-	38	-	6
Dozón	29	3	10	4	1
Lalín	1.022	25	592	25	210
Rodeiro	121	1	17	4	16
Silleda	475	14	204	12	82
Vila de Cruces	304	2	100	3	28


Táboa 9: Empresas por concello e condición xurídica (2007).

Fonte: IGE.

Ao analizar esta táboa, caben destacar dous aspectos relevantes:

- A presenza de 25 e 14 sociedades anónimas nos concellos de Lalín e Silleda respectivamente.
- O escaso número de cooperativas existentes, que apenas abrangue o 1% do total das empresas no territorio da comarca.

A relación de empresas segundo o número de asalariados observase nas seguintes figuras:



Gráfica 9: Empresas por número de asalariados no Deza (ano 2007).
Fonte: I.G.E.

	Sen asalariados	De 1 a 9	De 10 a 49	De 50 a 249	250 ou máis
Agolada	122	57	8	0	0
Dozón	23	22	1	1	0
Lalín	1.081	691	82	18	2
Rodeiro	108	49	0	2	0
Silleda	469	283	33	2	0
Vila de Cruces	265	159	12	1	0

Táboa 10: Empresas por concello e número de asalariados (2007).
Fonte: IGE.

Segundo estes datos obsérvase que só o 1% do total das empresas do territorio, contan con máis de 250 asalariados, e pola contra o 95% das empresas son de carácter familiar ou contan con menos de 10 empregados na súa plantilla, tamén denominadas microempresas.

É tamén de destacar o feito de que no concello de Dozón, sendo un dos máis rurais, e con menor infraestrutura industrial na comarca, conte cunha empresa con mais de 200 empregados.

A continuación amósanse o número de empresas e comercios polo miúdo, incluíndo as superficies, densidades e taxas de superficie comercial:

	Nº empresas	Nº establecim	Densid comerc	Nº establ km ²	Sup venda med	Sup vend hab	Taxa sup comerc
Agolada	30	28	6,8	0,19	68,34	0,46	13,45%
Dozón	7	8	3,82	0,11	170,39	0,65	27,53%
Lalín	284	324	15,84	0,99	81,65	1,29	13,11%
Rodeiro	27	32	7,55	0,21	92,38	0,7	21,21%
Silleda	107	133	14,62	0,79	87,7	1,28	3,96%
Vila de Cruces	81	75	10,71	0,48	65,92	0,71	14,27%

Táboa 11: Establecementos de comercio polo miúdo e concello (2002).

Fonte: Estrutura do comercio. IGE.

O número de empresas e establecementos é baixo, dando valores escasos de densidade de comercios agás en Lalín e Silleda, mostra disto é o feito de que o número de establecementos por quilómetro cuadrado non acade o 1% na práctica en ningún concello dos que conforman a comarca do Deza, tan só os dous anteriores, principalmente Lalín se aproxima a esa cifra.

A superficie media dos comercios é de 94,38m² variando entre os 68,34 de Agolada e os 170,39 m² de Lalín, acadando unha superficie media de venda por habitante inferior ao metro cadrado.

O sector primario non aparece reflexado nos datos destas táboas e gráficas, polo que a continuación faise unha análise propia dada a súa importancia na comarca.

Pese á regresión que está a sufrir o sector polo proceso de terciarización dos últimos anos e o peche de pequenas explotacións, debido principalmente á falla de relevo xeracional e á perda de atractivo do estilo de vida no campo, para a xente xoven, que provocou un traspaso de efectivos dende o mundo labrego á construción e o sector servizos; existen un total de 8.018 explotacións na zona (segundo a Consellería do Medio Rural e o SIMOGAN no ano 2007), sendo principalmente a actividade leiteira en vacún a máis importante dentro das actividades rurais na comarca.

Nas seguintes táboas expresanse os principais valores das explotacións:

	Nº explotac	Nº parcelas	Unid gandeiras (UG)	Unid trab ano (UTA)
Agolada	1.000	24.393	18.701	843
Dozón	388	16.651	15.436	543
Lalín	2.575	55.435	42.275	2.934
Rodeiro	925	28.225	17.662	1.737
Silleda	1.692	21.185	39.500	1.880
Vila de Cruces	1.438	33.664	8.168	1.739

Táboa 12: Explotacións agrícolas por concello (1999).
Fonte: Censo agrario. INE.

O número de explotacións por concello é alto, se ben presenta certas características:

- Excesivo minifundismo. As explotacións teñen moitas parcelas, unha media de 28,5 parcelas por explotación, pero de pequenas dimensións e na maioría das ocasións distantes entre sí.
- Unha media de 18 UG, se ben este valor é moi diferente entre uns concellos e outros variando de 5,6 UG/explotación en Vila de Cruces e as 40 UG/explotación do concello de Dozón.
- De calquera xeito, e de forma xeneralizada, foron as explotacións máis pequenas as que cesaron a súa actividade, pois a comarca do Deza non é allea ao despoboamento rural e a diminución da súa actividade agraria.
- A media das unidades de traballo ao ano apenas acada a unidade (1,2).

Móstranse a continuación os datos referidos ás explotacións segundo as terras e por superficie agraria útil:

	Nº explotacións con terras					Total
	0,1 ≤ a < 5	5 ≤ a < 10	10 ≤ a < 20	20 ≤ a < 50	50 ≤ a	
Agolada	370	250	224	122	15	981
Dozón	68	73	126	72	9	348
Lalín	1.275	558	452	191	37	2.513
Rodeiro	197	219	283	182	14	895

Silleda	798	407	300	75	8	1.588
Vila de Cruces	771	386	220	46	13	1.436


Táboa 13: Explotacións agrícolas con terras por concello (1999).
Fonte: Censo agrario. INE.

	Nº explotacións por S.A.U.					Total
	0,1 ≤ a < 5	5 ≤ a < 10	10 ≤ a < 20	20 ≤ a < 50	50 ≤ a	
Agolada	629	190	91	21	2	933
Dozón	153	104	62	21	0	340
Lalín	1.610	454	288	90	6	2.448
Rodeiro	391	246	190	53	1	881
Silleda	1.032	331	162	22	1	1.548
Vila de Cruces	1.116	179	66	14	3	1.378

Táboa 14: Explotacións agrícolas por superficie agraria utilizada (SAU) e concello (1999).
Fonte: Censo agrario. INE.

Confirmar o excesivo parcelamento e o posible limitante para o desenvolvemento, dalgunhas explotacións, que pode presentar a terra, se ben é preciso recordar as diferenzas entre concellos, así por exemplo no caso de Lalín hai un total de 2.448 explotacións por SAU, fronte ás 933 explotacións por SAU do concello de A Golada.

A pouca superficie e as pequenas dimensións das parcelas presentan ademais dificultade para o seu laboreo, o que mingua aínda máis os rendementos obtidos por unidade de superficie.



Gráfica 10: Superficie por aproveitamento (ano 1999).
Fonte: Censo agrario. INE.

O principal aproveitamento da superficie das explotacións son outras terras non forestais, seguido polo pasto permanente; o que se se lle suma a superficie de terras labradas e en menor cantidade as terras forestais, aínda así, e como ocorre na maior parte do territorio do interior da Comunidade Autónoma, a cantidade de terras improdutivas ou ermas sen ningún aproveitamento, é superior a calquera outra utilización das mesmas.

4.1. ESTRANGULAMENTOS E POTENCIALIDADES.

Para determinar os estrangulamentos e as potencialidades do GDR Deza; empregouse o método coñecido como matriz *Dafo*.

Este método de análise debe o seu nome as súas iniciais:

- D: Debilidades.
- A: Ameazas.
- F: Fortalezas.
- O: Oportunidades.

As debilidades e as fortalezas pertencen ao ámbito interno dos sectores analizados. As ameazas e as oportunidades pertencen ao entorno dos sectores que se analizan.

Na seguinte táboa resúmese a matriz DAFO en función dos factores e dos aspectos positivos ou negativos:

	Negativos	Positivos
Factores internos	Debilidades	Fortalezas
Factores externos	Ameazas	Oportunidades

Táboa 15: Matriz dafo.
Fonte: elaboración propia.

Deste xeito sabemos que:

As debilidades, tamén denominadas *puntos débiles*, son aspectos internos que limitan ou reducen a capacidade de desenvolvemento efectivo do sector e que, polo tanto, deberían controlarse e ser superadas, xa que representan ameazas para os sectores.

As fortalezas, tamén coñecidas como *puntos fortes*, son capacidades ou recursos internos, que constitúen ou supoñen ventaxas competitivas que poden e deben servir para explotar as oportunidades.

As ameazas son factores externos (do entorno) que poden chegar a impedir ou dificultar a implantación dunha estratexia; ou ben reducir a súa efectividade.

Oportunidades: Son aqueles factores externos, que supoñen unha vantaxe competitiva, representando unha posibilidade de mellorar.

É interesante facer unha análise dende o punto de partida

SITUACIÓN DE PARTIDA:

OS FACTORES DIFERENCIAIS DA COMARCA

A situación da Comarca do Deza está definida polos seguintes factores, extraídos do diagnóstico comarcal feito a principios dos anos 90:

Factor 1:

No conxunto rexional, esta comarca presenta un importante papel de encrucillada, que se verá acrecentado polas previsións de construción de vías rápidas. Esta vantaxe da localización fai da zona unha área de equilibrio entre a Galicia costeira e a Galicia interior.

Factor 2:

As características do territorio desde o punto de vista do seu desenvolvemento presenta un forte contraste entre o notable dinamismo económico dos vales centrais e o escaso desenvolvemento dos outeiros e serras periféricas.

Factor 3:

A rede urbana comarcal ten unha estrutura axeitada para lograr unha distribución equilibrada das actividades económicas do espazo, e para prever unha oferta de servizos de base á poboación. Agora ben, de momento, os únicos centros que teñen posibilidades de funcionaren como polos de crecemento comarcal son os situados no eixe central da comarca, principalmente Lalín e Silleda.

Factor 4:

Na actualidade están en marcha importantes proxectos de equipamentos rexionais ou subrexionais (Fundación Semana Verde, Polígono Lalín 2000, Área 33 de Silleda e Granxa Experimental de Mouriscade). A súa consolidación será o modo máis eficaz para xerar un proceso de desenvolvemento inducido na Comarca.

Factor 5:

O desenvolvemento empresarial de Lalín e Silleda, e a súa capacidade de iniciativa, presentan boas condicións para implantar novas actividades económicas. Para iso cómpre aproveitar o efecto multiplicador das existentes e a instalación doutras novas, especialmente as relacionadas coa elevada accesibilidade que a Comarca presenta. Hai que mellorar o nivel formativo dos empresarios.

Factor 6:

Determinadas áreas da Comarca (en especial, o Trasdeza) posúen excelentes recursos paisaxísticos, históricos e culturais que demandan unha planificación coherente que consiga integralos nunca oferta turística e medioambiental unitaria.

O estudo e análise xeral da situación actual permite detectar os seguintes parámetros a ter en conta para o desenvolvemento do programa:

DIAGNÓSTICO XERAL

FORTALEZAS

- Mentalidade e actitude emprendedora do grupo de desenvolvemento rural.
- Dinamismo dos concellos, que pretenden mellorar a situación actual.
- Actividade económica diversificada; co sector servizos moi desenrolado, gran importancia do sector primario e o sector industrial en auxe.
- Gran importancia e volume de negocio da feira semanal de gandería celebrada en Silleda tódolos martes.
- Situación xeográfica privilexiada.
- Paso do Camiño de Santiago na variante da prata e o o Camiño de Inverno.
- Boa rede de comunicacións por estrada coas principais cidades galegas.
- Espazos naturais de gran beleza (contando con seis zonas protexidas) presentando gran variedade e contrastes.
- Atractivo artesan, cultural, histórico e paisaxístico.
- Producción de produtos alimenticios de primeira calidade.
- Existencia de empresas produtoras de agroalimentación (carne, queixo e produtos hortícolas) con denominacións de orixe.
- Presenza de polígonos industriais en tódolos concellos, con especial importancia dos dous de Lalín.
- Recursos endóxenos da zona: naturais e humanos.

DEBILIDADES

- Desequilibrio territorial. Gran desenvolvemento de Lalín e Silleda (en menor medida) en detrimento dos outros concellos.
- Dispersión poboacional.
- Baixa densidade poboacional.
- Tendencia ao envellecemento e a regresión demográfica.
- Pouca concienciación dos recursos endóxenos.
- Escaso grao de explotación dos recursos naturais, culturais e patrimoniais dos concellos.
- Baixo nivel de ordenación do territorio.
- Deficiente transformación dos produtos locais. Falla de valor engadido.
- Escasa publicidade e/ou promoción fora de Galicia dos concellos e dos seus recursos.
- Escesiva fragmentación do terreo.
- Mala conservación e falla de explotación dos recursos arqueolóxicos e etnográficos.
- Pouca presenza de xóvenes emprendedores.
- Escasa inversión en I+D+I.
- Ausencia de estratexias comúns de desenvolvemento comarcal.

AMEAZAS

- Perda de valor engadido no sector gandeiro ao vender a moitas reses da feira semanal de Silleda para fora da comarca e incluso da comunidade. As reses soen venderse no mercado de Amio o día seguinte.
- Colectivos desfavorecidos respecto do traballo (mulleres e xóvenes).
- Xóvenes con baixa cualificación.
- Crecemento urbanístico mal planificado que repercute no medio ambiente.
- Escasa concienciación do asociacionismo.
- Aumento dos prezos dos inputs en tódolos sectores productivos.
- Disminución ou perda de poder adquisitivo pola situación económica actual.

- Perda de interés da Semana Verde, polo cansancio producido nos visitantes e a falla de fidelización nos espositores.
- Desentendemento da muller nos procesos de desenvolvemento, cunha elevada perda de capital humano.

OPORTUNIDADES

- Fondos de programas europeos que inclúen o desenvolvemento rural entre os seus obxetivos prioritarios.
- Mellora da explotación dos recursos grazas a unha xestión participativa cos axentes implicados, conxunta e integrada.
- Recuperación do patrimonio.
- Existencia de axudas e subvencións das diferentes Administracións.
- Actuais tendencias a promocionar o emprego con fins de fixación de poboación.
- Fomento e emprego de novas tecnoloxías.
- Actual auxe do turismo verde, rutas de sendeirismo, mountain-bike, etc.
- Presenza do grupo de desenvolvemento rural actuando como foco dinamizador e participativo.

DIAGNÓSTICO ESTRATÉXICO POR SECTORES

PRINCIPALES CONCLUSIÓN S SOBRE A SITUACIÓN DA COMARCA.

OPORTUNIDADES E AMEAZAS

OPORTUNIDADES

1. O proceso de globalización e o **desenvolvemento progresivo do comercio internacional** pode permitir intercambios beneficiosos (exportación e importación de produtos) para as empresas de Deza.
2. **Crecemento da economía española e galega** e evolución favorable das principais variables macroeconómicas dos países da Unión Europea máis importantes.
3. Existencia dunha **cultura social orientada hacia a importancia da calidade**. Neste sentido, a imaxe de calidade dos produtos agroalimentarios galegos e do Deza en particular, pode influir positivamente nos que se elaboren na comarca de Deza.
4. **Posibilidade de adaptarse e coñecer as necesidades e gustos específicos do mercado** máis cercano por parte das pemes competindo fundamentalmente en ámbitos locais e rexionais

utilizando a especialización do mercado máis cercano como elemento de diferenciación ante competidores foráneos.

5. **Crecente preocupación** da sociedade **pola natureza e o respecto ó medio ambiente** valorándose de forma positiva as actividades empresariais que fabrican os seus produtos tendo en conta criterios de desenvolvemento sostible e xestión medioambiental.

AMEAZAS

1. **Desfavorable evolución do tipo de interese** na U.E. durante este último ano, o que repercutirá de forma negativa no coste dos recursos financeiros das empresas.

2. **Insuficiente cultura empresarial en Galicia**, cunha cultura individualista e con escasa disposición ó desenvolvemento de estratexias de cooperación, que limita o achegamento con outras actividades que poderían ser complementarias para o desenvolvemento de ofertas conxuntas.

3. **Elevada fragmentación y atomización do tecido empresarial** creando forte competencia e rivalidade entre as empresas.

4. **Crecente aumento dos prezos** dos locais, naves, edificios e solo industrial, motivada pola insuficiente ordenación urbana e a falta de dotación de solo empresarial.

5. **Non adaptación da formación educativa** universitaria e de formación profesional ás necesidades empresariais. As carencias de persoal cualificado e especializado pode ralentizar, polo menos, o crecemento das empresas.

FORTALEZAS Y DEBILIDADES

FORTALEZAS

1. O Deza posúe **grandes valores naturais, patrimoniais, medioambientais e xeográficos**, que permite a realización de diversas actividades empresariais integradas entre sí, cun alto compoñente en calidade como pode ser o caso **alto potencial de desenvolvemento do turismo rural e cultural**.

2. A situación actual do mercado e as perspectivas futuras, permiten unha **potenciación** de actividade gandeira e agraria, pero sobre todo da **industria transformadora asociada ó campo**.

3. A comarca posúe unha **boa situación xeográfica** ó estar no centro de Galicia. Ademais, existe un núcleo importante economicamente, o Concello de Lalín, situado no centro da comarca, ben comunicado tanto con Santiago de Compostela, o seu centro económico máis cercano, como co resto de concellos que conforman a zona.

4. O sector textil manifestou unha evolución moi positiva nos últimos anos en Galicia. A moda galega asóciase a unha marca de alta calidade. Na comarca

de Deza o **sector textil sigue unha senda de crecemento** contando con importantes empresas do sector, o que permite alcanzar á zona unha elevada facturación e un crecemento do emprego.

5. Importante **desenvolvemento de actividades de diseño** e certo nivel de especialización por parte das empresas máis dinámicas da cadea.

6. Deza conta con boas **condicións ambientais que favorecen o desenvolvemento da industria madeireira**, que ten un peso significativo dentro do sector en España e en particular en Galicia. Asimismo, mencionar a existencia na comarca dalgúns importantes empresas transformadoras da madeira.

7. Tamén en relación ó sector da madeira, a existencia de **estructuras de ámbito asociativo-cooperativo e institucional**: cluster da madeira, etc. posibilitan unha maior competitividade da cadea e favorecerá unha maior integración da mesma aproveitando as sinerxias.

8. Importantes **aproveitamentos de enerxías renovables**. Crecemento da enerxía eólica.

9. Existencia de polo industrial e parques empresariais importantes con necesidades de ampliación o que mostra **dinamismo empresarial**.

10. **Importante capacidade emprendedora** na comarca de Deza, como un relevante factor cultural que fomenta a mellora competitiva das actividades empresariais a área.

DEBILIDADES

1. Existe un **claro envellecemento da poboación** da comarca.

2. **Deficiente rede de estradas internas**, a pesar dos avances dos últimos anos, e malas **dotacións do ferrocarril**: unha soa vía, pouca frecuencia e servizos lentos. Ademais, os **servizos de transportes públicos** para viaxeiros por estrada tanto dentro da comarca como co exterior son **insuficientes**.

3. Existencia de **pequenas empresas con pouca especialización e reducida capacidade de cooperación** entre elas.

4. **Insuficiente dotación de servizos nos polígonos empresariais** na zona.

5. O **desorden na expansión urbanística pode afectar ó desenvolvemento do turismo**, ademais contribuir ó incremento do prezo do solo.

6. En relación ó sector da madeira, **a cadea monte-industria presenta un claro desequilibrio**, xa que presenta unhas cuotas moi elevadas de primeira produción e, pola contra, reflicte unhas cifras moi baixas de facturación por parte de industrias de segunda transformación (carpintaría e mobiliario) excepto pola existencia dalgúns empresas.

7. **Deficiencias na ordenación do monte**, que conxugue axeitadamente e de forma integral os aspectos medioambientais e o aproveitamento silvícola en xeral e forestal en particular, permitindo o impulso coordinado de tódalas actividades relacionadas (aserrío, carpintaría e moble, turismo, caza e ocio entre outras).

8. **Escasa implantación de sistemas de calidade e medioambientais**, con moi poucas empresas certificadas cas normas ISO 9000 ou 14001.

9. **Insuficiente profesionalización no sector turístico privado**: hoteleiros, campos de golf, restaurantes, etc.

FACTORES CLAVE DO DIAGNÓSTICO ESTRATÉXICO DE DEZA

A continuación, e a partir das fortalezas e debilidades detectadas, identifícanse os principais factores críticos do diagnóstico estratéxico, que nos darán as claves para articular unhas líneas de actuación para o desenvolvemento económico da comarca:

ATOMIZACIÓN DA ESTRUCTURA EMPRESARIAL E REDUCIDA CULTURA DE COOPERACIÓN

A reducida dimensión que caracteriza a maior parte das empresas das actividades dos sectores máis significativos da comarca (madeiro, agrícola-gandeiro, textil-confección, etc.) e as consecuencias desa estrutura empresarial na competitividade das mesmas, non permite ás empresas cerrar economías de escala para ser competitivos nos seus costes.

Pero asemade, esta dimensión pode xerar unha capacidade financeira escasa e frear a modernización das instalacións e a inversión en novas tecnoloxías e maquinaria que melloren os niveis de produtividade e de eficiencia.

Por outro lado, se o tamaño das empresas da comarca é pequeno, lles permitirá dispoñer dunha maior flexibilidade e capacidade de adaptarse ós cambios do entorno e ás tendencias do mercado.

Esta reducida dimensión podería verse compensada ca existencia de acordos de cooperación entre os distintos eslabóns da cadea productiva. Nembargantes, primeiramente é preciso superar a falla de cultura de cooperación existente entre as empresas da comarca.

Pese ó anteriormente exposto, debemos destacar como aspecto positivo o dinamismo empresarial existente na comarca.

POTENCIALIDADE DA ACTIVIDADE DA MADEIRA E NECESIDADE DE ORDEACIÓN E XESTIÓN DA ACTIVIDADE FORESTAL

A falta dunha política forestal orientada a mellorar a ordeación da superficie forestal e a escasa eficiencia na xestión do monte, teñen unha gran incidencia nas industrias de primeira e segunda transformación serrando importantes problemas de aprovisionamento, tanto pola cantidade como pola calidade de madeira obtida.

Neste sentido adicionalmente á necesidade de desenvolver un plan de usos detallado a nivel de concello no que se determine de maneira coordinada, que é o que realmente se desexa da superficie forestal, unha vez se decida a potenciación da xeración de madeira.

As accións deben orientarse a plantexar unha reordeación das actividades forestais para conseguir que éstas teñan unha maior dimensión e alcancen un grao de produtividade axeitado ó potencial existente na zona.

**POSICIONAMENTO DA ACTIVIDADE TEXTIL – CONFECCIÓN E
DESLOCALIZACIÓN E REESTRUCTURACIÓN DA CADEA DE VALOR DAS
ACTIVIDADES DO SECTOR**

A deslocalización representa unha grande ameaza para o conxunto da cadea textil, sobre todo para aquelas que non teñan un posicionamiento axeitado de marca. Nembargantes, detrás desta ameaza pódese esconder unha oportunidade, sobre todo para todas aquelas empresas que definan o que aporta máis valor engadido e no que se basa a diferenciación, deslocalizando ou externalizando as demais actividades.

Por elo as empresas de textil-confección son cada vez máis conscientes da importancia de reestructurar a súa cadea de valor conservando e incrementando os procesos de maior valor engadido, como son o deseño, o patronajoxe, o acabado, a comercialización e a marca principalmente.

Esta reestructuración da cadea de valor non poderá levarse a cabo dunha maneira efectiva se non se acompaña dunha mellora na cualificación e unha importante modernización tecnolóxica nas instalacións e maquinaria, así como unha maior preocupación por I+D+i, que permitan o desenvolvemento de uns produtos con maior valor engadido e faciliten a súa diferenciación.

**POSIBILIDADE DE CRECEMENTO DOS PRODUCTOS AGROINDUSTRIAIS E
IMAXE E CALIDADE**

Polo que se refire ós produtos agroindustriais hai que destacar a favorable imaxe que os produtos galegos teñen entre os consumidores finais, estando asociados fundamentalmente a produtos de calidade.

Nembargantes, as empresas apenas destinan recursos e esforzos a desenvolver estratexias que contribúan a consolidar esa imaxe de produto de calidade diferenciada.

A imaxe dos produtos galegos e a existencia de numerosas denominacións de orixe representan unha grande oportunidade para el desenvolvemento de estratexias de diferenciación en base a intanxibles como a calidade e a marca.

A trazabilidade é garantía de seguridade alimentaria son xa unha esixencia fundamental por parte do consumidor final en tódolos produtos alimentarios, convertíndose nunha variable clave para a diferenciación dos produtos.

A trazabilidade é un aspecto que afecta e interesa a tódolos eslabóns da cadea, polo que se deben aunar esforzos para impulsar e apoiar a súa implantación desde os niveis iniciais do proceso.

INFRAESTRUCTURAS E COMUNICACIÓNS

As estradas intracomarciais son de baixa calidade. Ademáis, o transporte público non é suficiente para atender de maneira satisfactoria as demandas de estos lugares. Ós problemas anteriores está asociada a excesiva dispersión dos núcleos rurais, que fai que sexan necesarias moitas estradas secundarias, ca conseguinte dificultade de mantelas en bo estado.

En canto ás comunicacións co exterior da comarca, a comarca de Deza está mellor comunicada con Santiago, Ourense e incluso Lugo, que ca propia capital de provincia así como con Vigo, o seu centro económico "natural" e os portos de interese xeral que ten a provincia de Pontevedra.

De modo especial tamén se observa a existencia dunha escasez de solo empresarial, non só en canto á súa dispoñibilidade senón en canto ás súas dotacións, en especial as enerxéticas. En xeral, bótase en falta, unha maior racionalización no uso do solo, pois son moitas as actividades que compiten polo mesmo terreo.

POTENCIALIDADE DO TURISMO E ACTIVIDADES DE OCIO

Os recursos e potencialidades da zona permiten o desenvolvemento de actividades complementarias de ocio relacionadas co turismo, dada a existencia

e conservación de recursos artísticos, patrimoniais (medioambientais e xeográficos) e culturais que apoian a actividade turística da comarca.

Inclúense nestes recursos os aspectos da cultura, como son as manifestacións artísticas, os festexos populares, a gastronomía, a artesanía, entre outras. De modo semellante os recursos patrimoniais, manifestados nos pazos, igrexas, e outros monumentos que configuran a riqueza artística da comarca. Entre os aspectos medioambientais, inclúense os recursos termais, numerosos espazos naturais, etc. Todos eles son elementos que permiten un turismo de calidade, e dotar á comarca dunha imaxe que se vai afianzando de ano en ano cas actividades dos habitantes, si ben aínda é escasa a promoción que se fai para dar a coñecer a zona.

Se ben, en xeral, se aprecia unha insuficiente oferta cultural e do número de empresas adicadas a dita actividade, que supón un condicionante negativo para unha maior atracción do turismo cara á área. Sobre todo, o territorio Dezán carece dunha oferta cultural e de ocio ordeada e ben estruturada para que un visitante ou un grupo de visitantes poidan coñecer dun xeito fácil e cómodo todas as virtudes que ofrece esta Comarca do interior galego.

**POTENTE CRECEMENTO DA ACTIVIDADE DA CONSTRUCCIÓN
PERO
DEPENDENCIA E INCERTIDUME FUTURA**

Debemos mencionar o considerable crecemento que experimentou a actividade empresarial da construción na comarca de Deza. Existen importantes empresas do sector actuando tanto dentro como fóra da comarca.

Tralo incremento dos tipos de interese por parte do Banco Central Europeo e coma elo a esta actividade, é de esperar que o crecemento do sector se ralentice nos próximos meses, ou incluso anos, aínda existe certa incertidume sobre a futura evolución do sector.

**INTERNACIONALIZACIÓN DAS EMPRESAS E EXISTENCIA DE
ACTIVIDADES CON PESO EN INNOVACIÓN**

Por último, sinalar a importante internacionalización que tivo lugar nalgunhas actividades da comarca. Tanto exportacións coma importacións xogaron un papel favorable para darnos conta da competencia a nivel global.

Pola contra, debemos ter en conta o auxe económico dalgúns países competidores que se pode contrarrestar empresarialmente ca innovación, a imaxe, o deseño, e a marca da produción do territorio.

EIXES E PROPOSTAS ESTRATÉXICAS PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE E A SÚA VALORACIÓN NA MESA DE TRABALLO

O presente apartado pretende reflectir a investigación realizada sobre os eixes estratéxicos da comarca de Deza polo equipo económico da Confederación de Empresarios de Pontevedra así como as conclusións obtidas na "Mesa de Traballo sobre o análise e perspectivas económicas para a comarca de Deza", que tivo lugar en Lalín o día 23 de outubro de 2006.

En dita mesa, que foi moderada polo Profesor Jorge González Gurriarán, estiveron representados os sectores empresariais máis significativos da comarca (textil, construción, comercio, etc.).

EIXES ESTRATÉXICOS

Neste epígrafe detállanse os eixes estratéxicos, que aglutinan unha serie de posibles actuacións, tratando de dar resposta ós factores clave identificados.

INFRAESTRUCTURAS / ORDENACIÓN DO TERRITORIO / UNIVERSO PÚBLICO

- Mellora da conectividade dentro e fora da comarca, da infraestrutura de comunicacións, transporte e loxística.
- Promover o ordeamento do solo que permita nas diferentes actividades productivas dispoñer de terreos de dimensión e calidade adecuados para ser rentables.
- Promover a dotación, e no seu caso a creación, de parques empresariais, o favorecer a modernización dos existentes.
- Aumentar a eficiencia e coordinación do marco institucional.
- Optimizar os servizos públicos de apoio ás empresas.

DESENVOLVEMENTO DO CAPITAL HUMANO

- Formación de mandos intermedios e ámbito operativo das empresas da área.
- Formación para o desenvolvemento de capacidades e habilidades dos emprendedores.
- Formación para nivel superior e directivo adaptada ás necesidades das empresas da comarca.

DIVERSIFICACIÓN EMPRESARIAL

- Creación de novas actividades empresariais e modernización das actuais para a diversificación do sistema productivo.
- Fomentar o desenvolvemento de servizos sociais, actividades de ocio e cultura.
- Fomentar a modernización e creación de empresas de servizos avanzados.

COOPERACIÓN

- Organización de estruturas interempresariais eficientes, optimizando as relacións entre as cadeas de actividades empresariais.
- Promover a cooperación entre as administracións públicas entre éstas e os emprendedores e empresas, optimizando os apoios públicos para a modernización e creación de empresas.
- Fomentar a xestión conxunta de aprovisionamentos, loxística e inversións en equipamiento e instalacións.

INNOVACIÓN E MODERNIZACIÓN EN TECNOLOXÍA

- Innovación e modernización da tecnoloxía e procesos.
- Favorecer proxectos conxuntos de innovación e transferencia de tecnoloxía para a modernización e diversificación empresarial.
- Favorecer o emprego de ferramentas de tecnoloxías de información e comunicación nas empresas.

INTERNACIONALIZACIÓN

- Promover a cooperación para o acceso a mercados.
- Favorecer un maior desenvolvemento da internacionalización do sistema productivo da comarca.
- Desenvolvemento de campañas de promoción e comunicación de imaxe propia de produtos de calidade asociados á comarca.

Valoración dos eixes estratéxicos na mesa de traballo

Durante a celebración da mesa de traballo tamén se solicitou unha valoración dos eixes estratéxicos no mesmo sentido que o realizado para os factores críticos do diagnóstico estratéxico, é dicir, do 1 ó 5, donde o 1 significa "menos prioritario" e o 5 significa "máis prioritario". A continuación móstranse os resultados.

Á vista da seguinte tabla podemos observar que, dos eixes estratéxicos sinalados anteriormente neste informe, o de maior peso é o que fai referencia ás infraestruturas, a ordenación do territorio e o universo público seguido do desenvolvemento do capital humano e da innovación e modernización da tecnoloxía. A valoración destes tres eixes é practicamente a mesma polo que podemos deducir que a preocupación sobre estes tres eixes é similar.

Como observamos, a valoración destes tres primeiros eixes é igual ou superior a 4,50 (sobre un máximo de 5) polo que podemos dicir que a valoración e preocupación sobre estes eixes é importante.

Infraestructuras / Ordenación do Territorio / Universo Público	4,56
Desenvolvemento de Capital Humano	4,50
Innovación e Modernización en Tecnoloxía	4,50
Cooperación	3,81
Internacionalización	3,75
Diversificación empresarial	3,25

Ademáis, como se aprecia na tabla, Cooperación e Internacionalización son os seguintes eixes en importancia e por último, a certa distancia está a Diversificación. A diferenza destes tres eixes estratéxicos cos primeiros é grande o que implica que a problemática da comarca está focalizada nos tres primeiros eixes.

PROPOSTAS ESTRATÉXICAS

Estes eixes tratados no anterior epígrafe poden concretarse en dous grandes bloques de propostas, unhas **xerais** e outras **específicas** sectoriais, con actuacións concretas a levar a cabo dentro de cada proposta, como veremos no seguinte.

Asimesmo, durante a **Mesa de Traballo realizada en Lalín o día 23 de outubro de 2006** solicitouse ós participantes a valoración de todas estas propostas, do 1 ó 5, donde o 1 significa "menos prioritario" e o 5 significa "máis prioritario".

Os resultados da enquisa recóllense a continuación da exposición das propostas.

PROPOSTAS XERAIS

A continuación descríbense as propostas xerais de actuación recollidas en catro grandes apartados: Infraestruturas, Capital Humano, Internacionalización - Cooperación, e Innovación Tecnolóxica.

Infraestruturas para o desenvolvemento da comarca

- **Planificación e xestión do solo** que favoreza un desenvolvemento empresarial ordenado e responda ás necesidades actuais e futuras, fomentando as infraestruturas de comunicación con e entre as áreas empresariais.
Especial referencia á necesidade de dotar de maior axilidade ós procesos de creación de solo empresarial.
- **Mellorar os servizos nos parques empresariais que incrementen globalmente a eficiencia das empresas, con especial referencia a facilitar e abaratar o acceso ás telecomunicacións e tecnoloxías relacionadas.**
- **Potenciar a creación dun eixe económico desde o Deza á zona industrial Vilagarcía –Pontevedra – Vigo.**
- **Mellora das estradas de comunicación de Deza co exterior e das estradas intracomarcais.**

Desenvolvemento do capital humano

- Impulsar unha maior **formación e especialización do persoal** da comarca, adaptando os planes de formación continua, as titulacións de formación reglada e especialmente os postgraos ás necesidades das empresas da comarca.
- Potenciar a creación e desenvolvemento de cursos de postgrados especializados por cadeas, co apoio das organizacións interempresariais e as institucións públicas e privadas orientadas á formación de nivel superior.
- Potenciar a formación continua e formación profesional reglada permitindo axectar a oferta de profesionais á demanda existente entre as empresas da comarca.

Internacionalización, Diversificación e Cooperación

- Promover **campañas de promoción en mercados exteriores dos produtos da comarca**, a través da organización e presenza en feiras, congresos, etc.
- Diseño, implantación e promoción dunha imaxe de marca da comarca e que en base ós sinais de identidade, permita a promoción da mesma e as súas empresas.
- Axustar o deseño das estruturas organizativas permitindo un maior grao de externalización e subcontratación das actividades non estratéxicas, facilitando a redución de custos fixos das empresas da área.
- Promover unha maior cooperación entre os axentes da comarca a través de un sistema de coordinación que permita, en base ó consenso interno, fixar prioridades nas demandas ás administracións, tanto autonómica como central, e naturalmente nas locais.
- Fomentar a cooperación entre o sistema empresarial da comarca e as administracións públicas para que no desenvolvemento de políticas públicas se teñan un maior coñecemento das necesidades da comarca.
- Identificar actividades non suficientemente cubertas e apoiar reestruturacións no sistema productivo que permita adquirir un tamaño axeitado para competir, en base a posibles complementariedades entre as actividades empresariais da comarca, potenciado a diversificación do tecido empresarial.

Innovación e modernización tecnolóxica

INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

- Apoiar o desenvolvemento de **círculos de innovación** nas empresas mediante a creación de grupos **multidisciplinares e interempresariais**, favorecendo a extensión da **cultura innovadora a tódolos ámbitos da empresa**.
- Promover o desenvolvemento e implantación de novas tecnoloxías que faciliten a modernización e a aplicación de técnicas e ferramentas especialmente orientadas á xeración de coñecemento e, particularmente a simulacións, deseño de produtos/procesos e automatización de procesos.
- Impulsar xornadas de sensibilización para a difusión de mellores prácticas no desenvolvemento de proxectos de I+D+i, de forma que as empresas e iniciativas máis innovadoras xeren un efecto demostración e arrastre sobre as mesmas e estimule a xeración de proxectos conxuntos.

PROPOSTAS ESPECÍFICAS

A continuación se describen as propostas específicas de actuación sobre cada unha das catro actividades empresariais máis importantes e representativas da comarca de Deza, que son: Turismo, Textil-Confección, Madeira e Agrícola-Gandeiro.

Turismo, ocio e actividades relacionadas

- Creación de un **organismo para o desenvolvemento do potencial turístico** da comarca.
- Mellorar a rede de información turística, tanto en número como en dotación de medios, mellorando especialmente a dotación de infraestruturas de sinalización.
- Promover acordos de cooperación entre empresas de actividades complementarias da cadea para o desenvolvemento de produtos turísticos integrais.
- Desenvolver unha imaxe territorial propia mediante unha campaña de comunicación institucional especializada proxectando unha imaxe de destino turístico de calidade que atraia a celebración de eventos internacionais de primeiro nivel.
- Desenvolvemento de unha estratexia a medio e longo prazo en inversión de infraestruturas de acordo cas necesidades da cadea e as tendencias nos hábitos de consumo e necesidades dos visitantes.
- Fomentar a implantación de melloras e da modernización dos procedementos de xestión utilizados por grande parte das empresas do sector turismo e ocio, especialmente en aquelas de menor dimensión, a través da xeralización na implantación de un marco de aproximación á calidade, seguindo os modelos do Instituto de Calidade Turística de España.
- Promover a elaboración de estudos e procesos de traballo que favorezan a desestacionalización e a innovación das actividades turísticas a través da especialización e a diversificación de actividades, optimizando os recursos endóxenos susceptibles de explotación turística.
- Desenvolvemento do turismo de negocios e actividades feriais.

Textil – Confección - Moda

- **Modernizar as estruturas organizativas** das empresas tendendo hacia unha maior profesionalización e estruturas organizativas **flexibles** que faciliten o cambio e a adaptación ós requerimentos do mercado.
- Desenvolver estratexias de **innovación en deseño e novos materiais** aplicados ás actividades da cadea en colaboración sistemática con centros de I+D+i.
- **Estimular a búsqueda de novos mercados e a expansión internacional**, con mellora de servizos de apoio á internacionalización por parte de organismos públicos tratando de aproveitar a experiencia de outras empresas xa introducidas neses mercados.
- Desenvolver **campañas institucionais de imaxe das actividades da cadea** conxuntamente cas empresas, para incrementar a atracción de medios de comunicación e creadores de opinión que axuden a difundir a imaxe dos **productos de textil-confección-moda nos mercados** nacionais, especialmente nos segmentos **medio – alto**.
- Propiciar un maior **achegamento entre empresas e centros de formación** reglada para a adaptación e actualización de contidos formativos.

Forestal y Productos transformados de la madera

- Incentivar a **diversificación dos usos do monte** na comarca, potenciando o aproveitamento da **biomasa** forestal para usos enerxéticos, **frutos silvestres**, **plantas aromáticas** e medicinais, **rutas de senderismo**, usos paisaxísticos, actividades deportivas, etc.
- Impulsar a configuración dunha potente industria auxiliar de compoñentes para carpintaría e mobiliario na comarca, potenciando a funcionalidade do Cluster da madeira como elemento integrador de intereses e dinamizador das actividades da madeira.
- Estimular o desenvolvemento de acordos de cooperación entre empresas con produtos complementarios (baño, cociña, parques e tarimas...) para a elaboración de ofertas conxuntas ós canles no mercado nacional e internacional, intensificando o crecemento das empresas integradoras e favorecendo o crecemento das actividades relacionadas.
- Propiciar un maior acercamento entre empresas e centros de formación reglada para a adaptación e actualización de contidos formativos.
- Impulsar unha maior cultura de innovación entre as empresas e potenciar unha maior orientación cara a investigación para o desenvolvemento de novos produtos, a incorporación de novos materiais e modernización de equipamentos e instalacións.

Agricultura, gandería e os seus transformados

- Potenciar, mediante acordos de **colaboración entre empresas transformadoras ca gran distribución, a realización de puntos de venda de promocións, degustacións** e campañas de información e sensibilización sobre os produtos agroindustriais da comarca, que incrementen a confianza dos consumidores nos mesmos e a transparencia do mercado hacia a orixe.
- Potenciar a agricultura sostible e respetuosa co medio ambiente mediante a utilización de sistemas de produción agrarios baseados nos principios da ecoloxía.
- Potenciar a mellora das condicións de vida dos animais por medio de melloras no sistemas de manexo, sanidade e cuidado animal, alimentación, transporte e sacrificio.
- Impulsar campañas de comunicación que aporten maior información ó mercado sobre características esenciais dos produtos agroindustriais como composición, cualidades nutricionais, cumprimento e garantías de trazabilidade alimentaria, entre outros que incrementen o grao de confianza e o seu consumo.
- Fomentar a implantación dos sistemas de xestión de calidade, potenciando a cultura de autocontrol e sistemas de auditorias internas das propias empresas, buscando ademáis unha xeralización ó longo de tódala cadea que garanten a

ACCIÓN PRIORITARIAS A DESENVOLVER NO ÁMBITO ECONÓMICO DO DEZA

Entre os factores prioritarios seleccionados polos asistentes, faise especial mención ó capital humano e ás infraestruturas da comarca, cuestións que foron debatidas no transcurso da mesa de traballo celebrada en Lalín no mes de outubro:

1. Existe unha enorme preocupación dos empresarios pola **captación e permanencia do persoal cualificado**. Resulta complicada a atracción de profesionais de certas ramas, como poden ser as enxeñerías, pero resulta aínda máis complicada a súa permanencia nas empresas da comarca, independentemente das condicións económicas ofertadas no Deza. Neste senso é importante buscar fórmulas innovadoras, imaxinativas, para poder solucionar o problema (solo, horario, formación, oferta de vivenda, traballo á parella, ocio, compromiso de estancia mínima, etc.)
2. No que concerne ó capital humano tamén é importante impulsar a **formación especializada** dentro do **nivel directivo** así como a formación profesional en certos sectores.
3. Respecto ás infraestruturas empresariais, é de vital urxencia, como en outros lugares da provincia de Pontevedra, aumentar a superficie dedicada ó **solo industrial**, e non só no municipio de Lalín senon tamén en outros máis pequenos como Rodeiro ou Agolada. Ademais tamén se considera relevante **mellorar os servizos** existentes nos propios parques empresariais.
4. Asimesmo, no que concerne ás infraestruturas viarias, apuntouse a necesidade de **mellorar as conexións** da comarca dezana tanto co porto de **Vilagarcía de Arousa**, como co eixe **Pontevedra – Vigo** (corredor rápido ou autovía).
5. A **atomización empresarial** tamén foi un tema debatido pero este aspecto non é malo por si mesmo aínda que si implica certas limitacións. É por elo que as empresas deben **cooperar** en certos aspectos como por exemplo, para buscar **mercados exteriores ou para innovar**.
6. Dada a existencia de **recursos primarios existentes**, o principal reto consiste en **aportarlle o máximo valor posible** ós mesmos. Isto debe traducirse en desenvolver de maneira intensa a segunda transformación, intentando que se quede no Deza a maior parte do valor engadido bruto dos produtos, cuestión que é aplicable a moitas actividades empresariais da comarca (**madeira- mobles, sector agrícola- gandeiro, turismo**, etc.).
7. Neste sentido, esta búsqueda pasa por unha **diferenciación dos produtos** da comarca baseada en criterios de **calidade**, co apoio dos avances tecnolóxicos.
8. Para apoiar o anteriormente descrito é **necesario que exista unha boa imaxe** tanto da **comarca** coma dos propios produtos alí fabricados. Para elo sería aconsellable o deseño e a promoción de unha “marca da comarca” asociada a prestixio, calidade e bó facer.

9. Asimesmo, debemos mencionar a necesidade de **impulsar turísticamente** tódalas potencialidades da comarca para converter ó Deza nun destino atractivo desde diversos puntos de vista (patrimonio, natureza, cultura, gastronomía, etc.).

10. Para aumentar a competitividade das empresas debense **promover as actividades de innovación e desenvolvemento**, así como a implantación de novas tecnoloxías. Para elo é convinte a realización de xornadas de mellares prácticas no campo de I+D+i.

11. Por ultimo, debemos mencionar a necesidade de modernizar, en algunos casos, as **estructuras organizativas** das empresas para facelas **máis flexibles** e de ese modo poidan reaccionar máis rápidamente ante os cambios que surxan no mercado.

4.2. OBXECTIVOS.

A mellora integral, en tódolos aspectos e ámbitos, do Deza a longo prazo é o **obxectivo xeneral** a conseguir, empregando iste programa como ferramenta para a súa consecución. Este obxectivo non se limitará aos aspectos económicos, se non que conleva aspectos humanos, productivos e non productivos, paisaxísticos, patrimoniais, culturais e tradicionais.

A concienciación dos recursos endóxeos do territorio será un dos primeiros beneficios obtidos, grazas a implicación dos axentes implicados vinculándose aos proxectos e ao entorno.

A participación dos axentes implicados será fundamental para o correcto desenvolvemento do programa para acadar iste obxectivo, finalidade do enfoque leader.

Como **obxectivos específicos** pretendense acadar unha mellora da calidade de vida e unha mellora da produción.

O deza pretende contribuir ao desenvolvemento integral e sostíbel dos seus concellos, na situación actual; grazas a:

- Revitalización da comarca.
- Atraer posibles inversores na comarca. Promocionar accións e/ou proxectos que axuden á creación de postos de traballo e a fixación de poboación.
- Aumento da participación e involucración dos axentes da comarca.
- Fomentar accións de cooperación.
- Incrementar as axudas públicas para o desenvolvemento rural (o propio programa).
- Estimular e mellorar o aproveitamento dos recursos.

- Apoiar e promover proxectos innovadores e o emprego de novas tecnoloxías.

4.3. APORTACIÓNS DAS MESAS SECTORIAIS DO GDR-22 TERRAS DO DEZA

MESA SECTORIAL DE BENESTAR E INTEGRACIÓN SOCIAL

Reunidos os representantes das distintas Asociacións integradas na Mesa Sectorial de Benestar e Integración Social acordan presentar os seguintes proxectos iniciais (recollidos na Acta correspondente á reunión celebrada o día 2 de setembro de 2008).

- RESIDENCIA NOSA SEÑORA DAS DORES

- ❖ Investimento para a construción dun Centro de Día ou de Servizos anexo á construción xa existente e en funcionamento.
- ❖ Investimento para a construción dun ximnasio xerontolóxico nas instalacións da Residencia.

En ámbolos casos teñen o proxecto xa rematado.

- COGAMI – DEZA

- ❖ Investimento para a construción dun Centro Integral de Recursos para Persoas con Discapacidade en Medelo (Silleda).

Obra xa iniciada

- ❖ Investimento para Centro Especial de Emprego.
- ❖ Investimento para Vivendas Comunitarias – Tuteladas para a Vida Autónoma.

En ámbolos casos non teñen nin proxecto nin ubicación.

- ASPADEZA

- ❖ Investimento para a construción dun Centro Residencial ou Piso Tutelado para Persoas con Discapacidade.

Non teñen nin proxecto nin posible ubicación.

- ACODE

- ❖ Investimento para a creación dun Servizo de Atención Integral á Infancia nos seis Concellos da Comarca do Deza.

Teñen o proxecto xa iniciado para a súa presentación.

- AGROMAR

- ❖ Posta en funcionamento dun servizo de actividades predeportivas e deportivas para nenos/as de E. Infantil e E. Primaria a desenvolver na piscina municipal de Melide.

Están a iniciar o proxecto.

MESA SECTORIAL VECIÑAL

MEDIDAS DE ACTUACIÓN NAS NOSAS ALDEAS

- APLICACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXIAS
- TRANSPORTE PARA O RURAL
- FOMENTAR O COOPERATIVISMO DE 1º GRAO
- CATALOGACIÓN E ORDENACIÓN DE MONTES PARA OPTIMIZAR OS SEUS RECURSOS
- RECUPERACIÓN DOS RIOS
- RECUPERACIÓN DE FONTES, MUIÑOS ... DO NOSO PATRIMONIO
- RECUPERACIÓN DA VIA DA PRATA
- EXPLOTACIÓN SUSTENTABLE DO MONTE (MADEIRA) COA BÚSQUEDA DUN SELO DE CALIDADE E SOSTEBILIDADE
- COMBATIR OS PROBLEMAS QUE TEMOS DE ENTERRAMENTO NAS NOSAS PARROQUIAS
- APOIAR PROXECTOS QUE POTENCIEN A DIVERSIFICACIÓN DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS
- ENERXIAS RENOVABLES, APOIAR O SEU DESENVOLVEMENTO
- OFERTAS DE SERVIZOS A COLECTIVOS CON NECESIDADES ESPECIAIS (ANCIÁNS, NENOS, DISCAPACITADOS....)

MESA SECTORIAL DE TURISMO

CELEBRADA EN LALÍN O DÍA 8 DE SEPTIEMBRE DE 2008

Asistentes:

Presidente: Jose Antonio Ramos Gorís, Turdeza
Secretaria: Elena Vazquez, Fundación Semana Verde
Vocais: Marisol Lorenzo, Fegatur
Manuel Blanco, Asociación Ouro Verde

Sendo as 19,00 horas, do día mencionado no encabezamento , reunense as persoas sinaladas para elaborar as líneas básicas de actuación que en cuestións de turismo debería de contemplar o proxecto a presentar para o GDR 22 “Terras do Deza”.

A modo de introducción plantexase que para potenciar o turismo na Comarca, debería de elaborar unha oferta integral que recolla propostas conxuntas de ocio-aventura, ofertas de recursos naturais (praias fluviaies, lugares de interés paisaxístico, faunístico, cotos de pesca e caza, lugares de interés ecolóxico..) oferta cultural (museos antropoloxicos, exposicións, festas, costumes, tradicións... información sobre patrimonio arqueolóxico, arquitectónico, artístico, urbanístico..etc.) lugares de interés para observación da flora e da fauna, oferta termal, de golf, sendeirismo, gastronomía (tapeo, xantaaes, produtos típicos da zona) e aloxamentos.

Compriría facer un estudo da posible oferta, e dunha estratexia de mercado para difundir de maneira atractiva e rendabel esa oferta, e tamen un estudo para que o acceso de parte dos potenciais clientes sexa fácil e doado, tanto na obtención da información como para achegar os lugares ofertados (creación de portais, paxinas web, posicionamento en internet, sinalización adecuada, paneis informativos....)

É imprescindible para facer esta oferta integral a coordinación de participación de todos os axentes públicos e privados (concellos, administración provincial e autonómica, empresas privadas, asociacións, etc.)

Propostas da mesa sectorial de turismo do GDR 22:

1.- Sinalización turística

2.- Centros de información turística

3.- Comercialización:

- Plan estratéxico de comercialización e difusión da oferta turística buscando o posicionamento nos mercados nacionais e extranxeiros.

- Uso das novas tecnoloxías como vía de comercialización: creación de paxinas web, portais, etc.
- Posta en marcha de canais de venta adecuados que favorezcan a comercialización de produtos e servizos turísticos (paquetes turísticos)

4.- Formación:

- Cursos, xornadas técnicas, seminarios, congresos... etc.

5.- Recuperación, sinalización e promoción de rutas turísticas:

- sendeirismo, bicicleta, cabalos, etc.
- ruta dos castros, dos muiños
- Ruta da Plata
- Camiños medievais
- Camiño dos arrieiros
- turismo cultura

6.- Promoción de actividades de náutica de interior en embalses, ríos, etc.:

- Piraguismo, rafting, kanoa, etc.

7.- Promoción turística do territorio:

- Asistencia a feiras
- Estudos e campañas de promocións específicas buscando a desestacionalización:
 - Oferta para maiores, xente nova, ciclistas, pescadores, etc.
 - Ofertas e promocións en grandes cidades (Madrid, Barcelona...)
 - Ofertas e promocións en portais turísticos extranxeiros
 - Elaboración de guías turísticas

8.- Posta en valor do patrimonio natural e a protección das zonas natura 2000

9.- Modernización e mellora de empresas de aloxamento e servizos turístico, por exemplo a eliminación de barreiras arquitectónicas

10.- Creación de empresas de servizos e actividades complementarias ó turismo rural.

**MESA DO PATRIMONIO PLAN LEADER,
GDR-22 “TERRAS DO DEZA”:**

1.- Facer un Plan Global de Sinalización conxunta e estandarizada de tódolos puntos de interese cultural e turística da Comarca.

2.- Restauración, mellora e posta en valor do patrimonio Etnográfico, Arquitectónico, Gastronómico e Cultural do Deza, mediante:

a.- Potenciación da **rede museística da Comarca**, convertindo a ser posible algún deles nun Ecomuseo (pioneiro en Galicia), dotándoos dos servizos necesarios para o seu completo funcionamento.

b.- Restauración e posta en valor dos **Castros da Comarca**, tratando de musealizar algún deles.

c.- Restauración e posta en valor das **construcións arqueolóxicas e arquitectónicas da zona** (Pendellos, igrexas,... e en xeral calquera edificio cun valor histórico significativo.

d.- Facer unha **Guía Gastronómica da Comarca** con Festas, Comidas (servizos), establecementos,...

e.- Fomentar a elaboración e venda de **productos artesanais** mediante a dinamización de talleres, feiras, poxas, ...

f.- Potenciar a **recuperación paisaxística e ambiental** (Aulas da natureza, centros de interpretación,...)

g.- Facer unha **Ruta das Fundacións**.

h.- Acometer Rutas turísticas dos Castros, dos Muíños e potenciar a Ruta da Prata, Camiños Medievais , dos Arrieiros,...

**MESA SECTORIAL
DA MULLER E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES
(GDR 22)**

SUXERENCIAS:

1. Acceso á Internet nun punto parroquial, para facilitar as novas tecnoloxías ós diferentes colectivos de mulleres.
2. Formación básica respectiva ás novas tecnoloxías para ter coñecementos e defenderse diante dun ordenador conectado a Internet.
3. Incorporación de máis persoal cualificado na sección de xinecoloxía dentro da seguridade social, para reducir as listas de espera. (neste momento hai listas de un ano!)
4. Campaña de asesoramento, fomento e posibles axudas á mulleres maiores de 40 anos, que viven no medio rural e non teñen carne de conducir, nin medios externos para desplazamentos.
5. Publicación dunha guía de recursos sociais que recolla a totalidade da oferta dos servizos sociais socio-comunitarios (teléfonos de interese, puntos de información....)
6. Obradoiros de autoaxuda e asesoramento para as mulleres ou homes con carga familiar.
7. Formación en xestión e promoción do asociacionismo , incluíndo axudas para a creación de páxina WEB das asociacións, axudas para soporte informático, proxector, pantallas, etc, e dicir, material para levar a cabo a infraestrutura da mesma.
8. Creación dun espazo dedicado á temática de xénero nas distintas bibliotecas da zona e facilitar o horario a tódalas persoas que por horarios laborais non teñen acceso a este servizo.
9. Obradoiro de formación en oficios tradicionais en extinción. Formación relativa a postos de traballo que debido os avances tecnolóxicos e a desaparición das persoas maiores que desenvolvían ditos traballos como: zapateiro, modista, xastre, ebanista, bordadora,están desaparecendo.
10. Sensibilización entre todos para tomar medidas para evitar as barreiras á mobilidades urbana, xa sexa de deseño (malos accesos ós espazos públicos, bordos sen rebaixar nos pasos de peóns/as, beirarrúas estreitas, obstáculos de mobiliario urbano, árbores mal colocadas) ou coxunturais (mal aparcamento de automóbiles, etc.)
11. Obradoiro de corresponsabilidade para homes e mulleres. Xornadas de aprendizaxe para homes e mulleres en canto a tarefas do fogar: lavandería, cociña, placha etc
12. Información sobre a mellora da saúde laboral da muller.
13. Obradoiro de sexualidade transxeneracional: Realización de campañas de prevención de embarazos non desexados e enfermidades de transmisión sexual en colaboración cos centros educativos e de planificación familiar.
14. Creación de grupos de autoaxuda para persoas que lles toca vivir situacións de familiares con enfermidades terminais e non teñen un coñecemento ante dita situación.
15. Creación de grupos de asesoramento e motivación coa finalidade de facilitar postos de traballo na comarca e impulsar o logro de ter un posto laboral.

Irene González Reboredo
Teresa Cardama Vázquez

MESA SECTORIAL DO MEDIO AMBIENTE

Liñas ou propostas

- Incentivar unha mellora do uso dos recursos naturais presentes na conarca e evitar a xeración masiva de residuos agrogandeiros.
- Promover a creación de roteiros ou rutas interpretayivas que poñan en valor os restantes sectores (agrogandeiría, silvopastoril, cazadores-pescadores, cultural-patrimonial ...)
- Estas roteiros servirán para, dun xeito transversal e complementario, contribuir a que os outros sectores se dinamicen, servindo ó mesmo tempo de coesionadores do territorio.
- Os proxectos que se pretenden deberán ter en conta moi especialmente o respecto polo medio – ambiente, promovendo a posta en valor dunha maneira sustentábel, dos nosos recursos paisaxísticos, patrimoniais e productivos.

MESA SECTORIAL DA CULTURA

Propostas de proxectos non productivos (Liñas Básicas)

1. Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a Centros Socio-Culturais
2. Programas de dinamización sos mesmos destinados sobre todo á xoventude coa fin de apegalos á cultura e ós maiores (dependentes e non dependentes)
3. A través destes centros socio-culturais crear espazos lúdicos e de convivencia xeneracional entre nenos, mozos e maiores.
4. Proxectos para dotar de persoal asistencial os centros sociais para funcionar en casos como Centros de Día ou de atención a maiores dependentes.
5. Achegar o internet e a informática (ordebnadores, etc.) ó rural e proxectos para o emprego público do mesmo.
6. Recuperación da paisaxística e da etnografía de zonas, sobre todo naturais, a través do deseño e marcaxe de rutas e sendeiros.

MESA SECTORIAL DO DEPORTE

De inicio, hai que recordar, que os clubs deportivos son asociacións sen ánimo de lucro; polo tanto, non será doado que xurdan proxectos productivos.

A continuación, sinálanse unha ideas básicas para proxectos que se presenten.

- A) Fomentá-la creación de escolas deportivas infantís e vinculadas a clubs de dentro e de fora da Comarca.
- B) Promocionar deportes como a hípica, motor, aventura, etc.
- C) Sería moi importante integrar os cotos de caza e pesca no GDR. Pola riqueza medioambiental da Comarca; unha xestión máis aberta e “profesional” dos cotos melloraría a práctica de deportes tan arraigados na Comarca; ésta mellora podería vincularse a sectores como o turismo, medioambiente, comercio, etc.

MESA INSTITUCIONAL

- 7. Promoción e potenciación do tecido empresarial da Comarca creando as instalacións necesarias para o seu desenvolvemento.
- 8. Promoción do deporte de aventura e motor.
- 9. Creación de viveiros de empresas para novos emprendedores utilizando instalacións comarcais de carácter público en desuso ou baixo rendemento.
- 10. Mellora do entorno natural da Comarca así como a súa promoción e divulgación: Recuperación dos ríos fundamentalmente no entorno do río Deza por ser o eixo vertebrador da Comarca trasladando estas actuacións dun xeito proporcional a outros ríos de menor caudal.
- 11. Mellora da comunicación interurbana coa creación de liñas regulares de autobuses estudando as frecuencias entre os distintos núcleos.
- 12. Promoción e incentivación do cooperativismo apoiando liñas de comercialización incidindo nas novas tecnoloxías dos produtos de hortofruticultura.
- 13. Estudo da implantación de plantas de Biomasa e Biogás de carácter comarcal asía como estudio da recollida de residuos agroforestais e outros residuos susceptibles de tratamento nas plantas de tratamento de produción enerxética.

Silleda, 10 de setembro de 2008

MESA FORESTAL

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN:

GRUPO POVINICIAL DE REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRAS DE PONTEVEDRA

411.- Dinamización do sector agrario e forestal:

Obxectivo específico A: Desenvolvemento de Proxectos de experimentación e proxectos piloto para o impulso e mellora nos procesos de produción e de novos produtos que incrementen a modernización da produción transformación, especialmente mediante o achegamento da I+D pública noido forestal ás necesidades da zona.

Actuacións:

- Proxectos de cooperación entre produtores forestais, empresas de transformación e comercialización forestal e/ou centros tecnolóxicos e de investigación de cara a desenvolver novos produtos, procesos e tecnoloxías.
- Investigación e experimentación de variedades forestais para acadar unha maior produtividade, e resistencia a axentes patóxenos/pragas...

Obxectivo específico B: Mellora do so productivo dos montes e aumento do seu valor económico.

Actuacións:

- Fomento da creación de empresas de servizos forestais para o coidado dos montes
- Infraestructuras para o apilado en monte e a saca de madeira.
- Inversión en tecnoloxía para a mellora de equipos no monte e a súa mención especial na corta e saca de madeira.
- Fomento de agrupacións de propietarios de montes.
- Recuperación de montes individuais para uso productivo en asociacións de propietarios.
- Infraestructuras para o aproveitamento de Biomasa forestal en MVMC e asociacións de propietarios.
- Potenciación da redacción técnica de instrumentos de xestión forestal.
- Substitución de masas arboradas afectadas por pragas.

Obxectivo específico C: Incremento da transformación na produción forestal para obter produtos de maior elaboración e valor engadido e cara a mellora dos procesos de comercialización da produción forestal

Actuacións:

- Incremento do procesado da madeira no monte
- Desenvolvemento de sistemas de clasificación da madeira en orixe
- Desenvolvemento de redes privadas ou asociativas de comercialización dos produtos forestais.

Obxectivo específico D: Desenvolvemento da cooperación como factor de competitividade, melloras na estruturación e integración na cadea de valor para a mellora do rendemento global nas actividades forestais.

Actuacións:

- Fomento do cooperativismo forestal
- Desenvolvemento do asociacionismo/cooperación para a comercialización de subproductos forestais de xeito conxunto.

- Acordos de produtores/agrupacións de produtores con empresas de comercialización e transformación forestal.

Obxectivo específico E: Impulso de melloras e innovación nos produtos forestais que impliquen un incremento no seu valor engadido ou na súa calidade, de xeito que facilite unha maior diferenciación nos mercados de venda.

Actuacións:

- Desenvolvemento de marcas dos produtos forestais e dos seus transformados.
- Innovación na comercialización de produtos a través de internet.
- Desenvolvemento de estudos de mercado previos para a detección de necesidades a satisfacer nas producións forestais.

Obxectivo específico F: Implantación dos sistemas de mellora dos procesos de xestión da calidade e trazabilidade dos produtos forestais, así como a súa comunicación cara os mercados de consumidores finais, canais de distribución e industria transformadora.

Actuacións:

- Implantación de sistemas de certificación forestal sostíbel (PEFC, FSC...)
- Campañas de comunicación e sensibilización cara os consumidores finais, da X.F.S.

Obxectivo específico G: Desenvolvemento de actuacións para unha xestión ambientalmente responsable mediante investimentos productivos nas producións forestais

Actuacións:

- Investimentos para a modernización de maquinaria con menor consumo enerxético.
- Deseño e implantación de sistemas de mellora da eficiencia enerxética na industria forestal.

412.- Mellora ambiental e do Contorno Rural

Obxectivo específico A: Impulso da xestión ambiental sostíbel nos espazos forestais e no seu entorno.

Actuacións:

- Proxectos de infraestruturas de acceso ó monte, apilado e saca de madeira.
- Mellora medioambiental en contornos forestais específicos.
- Fomentar o coñecemento de masas forestais.
- Revalorizar modelos de ecosistemas forestais.

413.- Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida:

Obxectivo específico A: Apoio ó desenvolvemento de estratexias de diversificación cara novas actividades por parte das empresas e autónomos forestais

Actuacións:

- Desenvolvemento de estudos de novos nichos de mercado e oportunidades de negocio.
- Desenvolvemento de estudos de viabilidade.
- Investimentos productivos para a diversificación da produción.
- Potenciar a produción de planta ornamental e plantas forestais a través de cooperativas e cun sistema de comercialización conxunto

Obxectivo específico B: Impulso do crecemento das Pemes do conxunto empresarial da zona a través da ampliación, modernización ou traslado na busca de melloras nos resultados empresariais no mercado global

Actuacións:

- Ampliación/traslado de instalacións.
- Modernización de equipamento, maquinaria e instalacións
- Desenvolvemento de estratexias de cooperación entre empresas.
- Desenvolvemento da loxística de transporte nas empresas forestais.
- Implantación de normativas de calidade (ISO ...)

Obxectivo específico C: Apoio á implantación e desenvolvemento de novas actividades empresariais e emprendedores, e ó asesoramento nas fase iniciais dos proxectos empresariais.

Actuacións:

- Servizos técnicos de asesoramento e tutorización nas primeiras fase do proxecto empresarial.
- Asistencias técnicas sobre o desenvolvemento dos proxectos e estudo das liñas de axuda.
- Creación de unidades de produción (Pemes, autónomos...)
- Construcción, adquisición de terreos, bens inmobles, maquinaria e equipamento.
- Creación de “polígonos agroforestais” ou infraestructuras “agro-térmicas” en zonas adxacentes a centrais de biomasa para o aproveitamento da enerxía térmica (invernadoiros...)
- Fomentar a instalación de caldeiras de biomasa ou pelets en edificios.
- Fomentar a creación de pequenas plantas de biomasa en urbanizacións rurais.

Obxectivo específico D: Capacitación dos recursos humanos para a mellora da competitividade, especialmente no emprego de novas tecnoloxías de produción, transformación, comercialización, tecnoloxías da información, innovación e internacionalización.

Actuacións:

- Formación no emprego de novas tecnoloxías de produción, transformación, comercialización, xestión da innovación nas Pemes, dirección e planificación estratéxica empresarial ...

- Accións de difusión e fomento de producións de pino e frondosas desde a silvicultura (enfocado á madeira de calidade e usos máis selectos)

MESA DA MÚSICA

Propostas resultantes

da Asemblea celebrada o 17 de novembro de 2008

ás 21:00 horas nas dependencias da Asociación de Empresarios de Deza.

A continuación detallamos o tipo de proxecto que, en relación coa música, cremos deben ser promovidos e apoiados polo programa Leader:

1. Proxectos que fomenten a aplicación das TIC na ensinanza musical en escolas de música e conservatorios.
2. Proxectos que teñan como obxecto a promoción e difusión do patrimonio musical da nosa comarca a través da web e fomenten a comunicación das actividades realizadas, tanto entre os potenciais destinatarios situados na comarca de Deza como entre o público en xeral procedente do exterior.
3. Organización de circuitos culturais e musicais que permitan achegar a música ós colectivos con dificultades de integración social e dependencia.
4. Proxectos nos que se integre a música desenvolvida no Deza como recurso destacado do nos territorio e se promocioe e comuniquen como tal (cando falamos de recursos do territorio adoitamos pensar no medioambiente, na arquitectura ... e non sempre consideramos as manifestacións musicais que teñen na nosa Comarca unha importancia singular en comparación con outras zonas do noso país)
5. Actividades de intercambio cultural con outras asociacións de fora da Comarca, do resto do Estado ou da Unión Europea co obxectivo de:
 - a. Dar a coñecer a nosa cultura musical no exterior.
 - b. Permitir o acceso da poboación da nosa Comarca a manifestacións musicais cuxa programación sería inasumible doutro xeito.

- c. Intercambiar experiencias en canto á organización e difusión de actividades.
6. Publicacións e estudos (libros, guías, documentais, grabacións ...) destinados a recuperar, conservar, e difundir o patrimonio musical histórico e actual da Comarca.
7. Realización de actividades conxuntas entre as asociacións musicais, escolas de música en conservatorios da Comarca que non sería posible abordar individualmente, de xeito especial no que se refire a actividades dirixidas ós máis xoves; campamentos musicais, cursos, agrupacións comúns e intercambios con iniciativas semellantes desenvolvidas fora do nos país.
8. Dotación de infraestruturas e medios materiais necesarios para que os alumnos da nosa Comarca poidan acceder á ensinanza musical en igualdade de oportunidades en relación ós alumnos radicados en ámbitos urbanos.

4.4. LIÑAS DE ACTUACIÓN.

A partires destes obxectivos perseguidos crearanse unhas liñas de actuación. Estas liñas encadraranse segundo os obxectivos perseguidos.

4.1.1. DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL.

Este sector como eixe da economía rural no Deza é prioritario nas actuacións do Programa.

Dentro do obxectivo A) DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE EXPERIMENTACIÓN E DE PROXECTOS PILOTO PARA O IMPULSO DE MELLORAS NOS PROCESOS DE PRODUCCIÓN E DE NOVAS PRODUCCIÓN QUE INCREMENTEN A MODERNIZACIÓN DA PRODUCCIÓN E DA TRANSFORMACIÓN POR MEDIO DO ACHEGAMENTO DA I+D PÚBLICA NO EIDO AGROFORESTAL ÁS NECESIDADES DA ZONA. INVESTIMENTOS PRODUCTIVOS NAS PRODUCCIÓN AGROFORESTALS PARA A XESTIÓN AMBIENTALMENTE RESPONSABLE.

Desenvolveranse as seguintes ACCIÓNS:

1.- Desenvolvemento de novas técnicas de produción. 2.- Recuperación de variedades ou producións tradicionais da zona 3.- Desenvolvemento de novas producións agrarias e forestais e introducción de novos cultivos con potencial de desenvolvemento. Plantas medicinais, aromáticas e outras. 4.- Investigación e experimentación nas producións extensivas para a maior produtividade e rendibilidade, experimentación no emprego de tecnoloxías de información e comunicación nas explotacións. 5.- Experimentación na aplicación da biotecnoloxía, resistencia biolóxica. 6.- Experimentación con modelos de eficiencia enerxética e aplicacións de fontes de enerxías renovábeis nas explotacións agrogandeiras. 7.- Experimentación en modelos de mellora da alimentación, manexo e benestar animal. 8.- Experimentación en novas producións ecolóxicas e agricultura biodinámica. 9.- Implantación de sistemas de tratamentos e aproveitamento de xurro e residuos agrarios de xeito sostible. 10.- Desenvolvemento de producións complementarias no monte: mel, cogomelos, castaña. 11.- Investimento para a modernización de maquinaria con fins de mellora do consumo enerxético. 12.- Sistemas de mellora da eficiencia enerxética nas explotacións agrogandeiras e na industria forestal.

Dentro do obxectivo B) MELLORANZA DOS USOS PRODUCTIVOS DOS MONTES PRIORIZANDO OS PROXECTOS SINGULARES EN COOPERACIÓN E RELACIONÁNDOOS COAS ACTIVIDADES AGROGANDEIRAS.

Desenvolveranse as seguintes ACCIÓNS:

1.- Desenvolvemento de aproveitamentos silvopastoris nos montes en man común e de agrupacións de propietarios. 2.- Infraestruturas para o apilado e a saca de madeira e para o aproveitamento da biomasa forestal en montes veciñais e de agrupacións de propietarios. 3.- Fomento da creación de empresas de servizos forestais para o coidado dos montes e para o aproveitamento da biomasa forestal. 4.- Fomento de agrupacións de propietarios para o aproveitamento forestal. 5.- Potenciación do apoio técnico para a redacción de instrumentos de xestión forestal sustentable. 6.- Substitución de masas arboradas afectadas por pragas. 7.- Creación de empresas de xestión e aproveitamento de subproductos forestais.

Dentro do obxectivo C) APOIO Ó INCREMENTO DA TRANSFORMACIÓN NA PRODUCCIÓN AGROGANDEIRA E FORESTAL, CARA UNHA MAIOR ELABORACIÓN E INCREMENTO DO SEU VALOR ENGADIDO. MELLORA DOS PROCESOS DE COMERCIALIZACIÓN DA PRODUCCIÓN AGROGANDEIRA E FORESTAL. MELLORA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS DE XESTIÓN DA CALIDADE E TRAZABILIDADE DOS PRODUCTOS AGROFORESTALS DA SEGURIDADE ALIMENTARIA E DO BENESTAR ANIMAL, ASÍ COMO A SÚA COMUNICACIÓN CARA OS MERCADOS DE CONSUMIDORES FINAIS, CANLES DE DISTRIBUCIÓN E INDUSTRIA TRANSFORMADORA.

Desenvolveranse as seguintes ACCIÓNS:

1.- Proxectos para a transformación de produtos agrogandeiros de cuarta e quinta gama en orixe. 2.- Desenvolvemento de producións alimentarias, ecolóxicas, artesanías e funcionais. 3.- Implantación de sistemas de certificación forestal sostible. 4.- Incremento do procesado da madeira. 5.- Desenvolvemento de sistemas de procesado da madeira en orixe. 6.- Desenvolvemento de redes privadas ou asociativas de comercialización da produción agrogandeira e forestal. 7.- Desenvolvemento de proxectos de cooperación para o achegamento á grande distribución alimentaria. 8.- Desenvolvemento de redes de comercialización de produtos frescos de horta, fruticultura, gandeiría e produtos transformados.

Dentro do obxectivo D) DESENVOLVEMENTO DA COOPERACIÓN COMO FACTOR DE COMPETITIVIDADE, MELLORAS NA ESTRUCTURA E NA CADEA DE VALOR PARA A MELLORA DO RENDEMENTO GLOBAL DA ACTIVIDADE AGROFORESTAL.

Desenvolveranse as seguintes ACCIÓNS:

1.- Fomento do cooperativismo agrario e forestal. 2.- Acordos de cooperación entre produtores e transformadores. 3.- Procesos de integración horizontal entre produtores e tranformadores agroforestais coa grande distribución. 4.- Desenvolvemento do asociacionismo e da cooperación para a comercialización de subproductos agroforestais. 5.- Impulso ós acordos de produtores e agrupacións de produtores con empresas de comercialización e transformación agroforestais. 6.- Procesos de cooperación con empresas de suminstracións complementarias para o incremento do valor engadido da produción agrogandeira.

Dentro do obxectivo E) IMPULSO DAS MELLORAS E INNOVACIÓNS NOS PRODCTOS AGRARIOS E FORESTAIS QUE IMPLIQUEN UN INCREMENTO DO SEU VALOR ENGADIDO OU NA SÚA CALIDADE, NA PERCURA DA SÚA DIFERENCIACIÓN NO MERCADO.

Desenvolveranse as seguintes ACCIÓNS:

1.- Desenvolvemento de marcas na produción agoforestal e nos seus transformados e derivados. 2.- Innovación na comercialización da produción agroforestal. Apertura de canles de comercialización. Fomento do cooperativismo na comercialización. 3.- Innovación nos sistemas de alimentación, trnasporte, sacrificio, sanidade e benestar animal para a mellora da calidade e sostibilidade. 4.- Desenvolvemento da investigación no eido do estudo das necesidades do mercado no ámbito agrario e forestal. 5.- Innovación na

composición dos produtos. 6.- Novas elaboracións e preparacións da produción derivada da horta.

En xeral terán cabida, proxectos de investimento en explotacións agrarias, coa finalidade de mellorar o seu rendemento global, introducindo novas técnicas de produción que non teñan presenza no sector, a través de proxectos de experimentación susceptibles de difusión posterior. Proxectos que teñan por obxectivo a recuperación de variedades tradicionais e autóctonas, que estean relacionados co apoio a novas producións e que afecten a producións extensivas en áreas ambientalmente sensíbeis. Proxectos dirixidos a mellorar a eficiencia enerxética das explotacións, aplicación das TICs nas explotacións. Proxectos que contribúan ao aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais.

Apoio ás iniciativas de transformación e comercialización de produtos locais de calidade; creación de centros de distribución; apoio as agrupacións de produtores; promoción da produción local; busca de novos sistemas productivos e aproveitamentos que permitan protexere manter ben o medio; utilización de enerxías alternativas, depuración biolóxica e xestión de residuos; actuacións de apoio ás prácticas ecolóxicas na agricultura; aproveitamentos racionais dos bosques e valorización da produción forestal.

4.1.2. MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL.

Dentro do obxectivo A) IMPULSO DA XESTIÓN AMBIENTALMENTE SOSTÍBEL NAS EXPLOTACIÓNS AGROGANDEIRAS E NO SEU CONTORNO MEDIANTE INVESTIMENTO NON PRODUCTIVOS

Desenvolveranse estas dúas ACCIÓNS:

1.- Investimentos encamiñados a reducir o impacto da contaminación ambiental por nitratos e produtos químicos. 2.- Recuperación de elementos do patrimonio natural integrados na paisaxe e nos ecosistemas.

Dentro do obxectivo B) APOIO Á XESTIÓN AMBIENTALMENTE SOSTÍBEL NOS ESPAZOS FORESTAIS E NO SEU CONTORNO MEDIANTE INVESTIMENTOS NON PRODUCTIVOS.

Desenvolveranse as seguintes ACCIÓNS:

1.- fomento do coñecemento das masas forestais. 2.- Revalorizar modelos de ecosistemas forestais. 3.- Mellora mediambiental en contornos forestais específicos. 4.- Fomento e Impulso dos Acordos de Custodia do Territorio e da Biodiversidade

Dentro do obxectivo C) APOIO DOS USOS AMBIENTALMENTE RESPONSÁBEIS DOS RECURSOS NATURAIS.

Desenvolveranse as seguintes accións ACCIÓNS:

1.- Deseño, rehabilitación e creación de roteiros que permitan o coñecemento dos recursos naturais. 2.- Recuperación de entornos, espazos naturais de interese e paseos fluviais. 3.- Recuperación e posta en valor de camiños antigos que dinamicen o Patrimonio natural, civil, etnográfico, relixioso e arqueolóxico. 4.- Valorización de áreas naturais de especial interese. 5.- Recuperación de espazos naturais degradados (minas e canteiras) e a súa posta en valor.

Terán prioridade aqueles proxectos nos que se reflictan técnicas de xestión ambiental e medios para a mellora e mantemento do contorno rural. Apoio á formación en educación paisaxística e medioambiental; formación sobre o uso e aproveitamento dos recursos naturais e culturais; formación ambiental vencellada ás empresas (monitor ambiental, guías turísticos,); organización de actividades de valorización, coñecemento e divulgación do medioambiente local; Catalogación e inventario dos recursos naturais para o desenvolvemento de novas fórmulas de turismo especializado e sostible; iniciativas de achegamento e coñecemento do medio rural pola poboación; creación de roteiros diferenciados de contido - monumental, turístico etc. – a través de actividades de turismo industrial ; deseño e implantación de novos sistemas de información global e permanente do territorio; recuperación de entornos naturais degradados pola acción do home; actuacións ligadas ós recursos naturais e a cultura local con especial referencia á valorización de eventos e tradicións populares, promoción, publicidade e edición de material gráfico e audiovisual; actividades de promoción de itinerarios de alto valor natural; estudos sobre a fauna e flora protexida ou en perigo de extinción; Fomento da cultura ecolóxica; iniciativas de integración de elementos catalogados como bens de interese cultural en actividades socioeconómicas, concertos, exposicións, etc.

4.1.3. DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA.

Dentro do obxectivo A) DESENVOLVEMENTO DE ESTRATEXIAS DE DIVERSIFICACIÓN CARA NOVAS ACTIVIDADES POR PARTE DAS EMPRESAS E AUTÓNOMOS DO AGROFORESTAL. IMPULSO O CRECEMENTO DAS PEMES DO CONXUNTO DO SISTEMA EMPRESARIAL DA ZONA MEDIANTE A SÚA AMPLIACIÓN, MODERNIZACIÓN OU TRASLADO E A COOPERACIÓN NA BUSCA DE MELLORAS NOS RESULTADOS EMPRESARIAIS NO MERCADO GLOBAL. DESENVOLVEMENTO DE NOVAS ACTIVIDADES EMPRESARIAIS E EMPRENDEDORES, CON ESPECIAL ATENCIÓN Á COLABORACIÓN ENTRE ORGANISMOS INTERMEDIOS E CENTROS EDUCATIVOS PARA O ASESORAMENTO E GUÍA NAS FASES INICIAIS DE POSTA EN MARCHA DOS PROXECTOS.

Desenvolveranse as seguintes ACCIÓNS:

1.- Investimentos productivos para a diversificación da produción. 2.- Desenvolvemento de estudos de novos nichos de mercado e oportunidades de negocio. 3.- Potnciación e desenvolvemento da rede de comercio rural. 4.- Creación, ampliación e modernización de Pemes con priorización das que transformen ou comercialicen produtos locais. 5.- Creación de Empresas de xestión e tratamento de residuos. 6.- Ampliación de instalacións e modernización de equipamentos e maquinaria. 7.- Desenvolvemento de estratexias entre empresas para a mellora competitiva. 8.- Desenvolvemento da loxística no transporte de mercadorías. 9.- Estudos de compras que as empresas realizan ó exterior da Comarca e que poidan desenvolverse no territorio. 10.- Creación de unidades de produción. 11.- Servizos técnicos de tutorización e asesoramento nas primeiras fases da empresa. 12.- Creación de viveiros empresariais e Centros de Negocios. 13 - Creación de polígonos agroforestais ou infraestructuras agrotérmicas en zonas adxacentes a centrais de biomasa para o aproveitamento da enerxía térmica (invernadoiros).

Dentro do obxectivo B) DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES VENCELLADAS Ó SECTOR DO TURISMO NO RURAL. CONFIGURACIÓN DE NOVAS PRODUCTOS TURÍSTICOS E MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN, BAIXO A PERSPECTIVA DE RESPETO AMBIENTAL.

Desenvolveranse as ACCIÓNS:

1.- Modernización e mellora das empresas de aloxamento turístico da Comarca. Eliminación de barreiras arquitectónicas. 2.- Dotación de infraestructuras de promoción dos recursos turísticos do territorio: Centro de dinamización turística, Central de reservas, Guías de turismo, webs comarcal. 3.- Fomento de iniciativas de dinamización de ocio alternativo ligadas ó uso sostíble dos recursos naturais e do patrimonio e da cultura rural. 4.- Creación, modernización e ampliación de Centros de práctica deportiva: escolas deportivas, centros hípicas, aeródromos e outros. 5.- Creación, ampliación e mellora de establecementos de hospedría rural e restauración tradicional na Comarca. 6.- Mellora e potenciación da rede museística comarcal. 7.- Plan de sinalización dos recursos turísticos

do territorio. 8.- Acondicionamento e mellora de recintos feriaís. 9.- Actividades ligadas á artesanía local. Creación e promoción de talleres de artesanía. Rehabilitación modernización de espazos de divulgación e promoción dos oficios e da artesanía popular.

Dentro do obxectivo E) MELLORA DOS SERVIZOS SOCIAIS, PERSOAIS, DE OCIO, CULTURA E DEPORTE E SERVIZOS EMPRESARIAIS NO RURAL QUE INCREMENTEN A CALIDADE DO ENTORNO PARA VIVIR, TRABALLAR E PRODUCIR, CON ESPECIAL ATENCIÓN ÓS COLECTIVOS CON ESPECIAIS DIFICULTADES DE INTEGRACIÓN SOCIAL E LABORAL. MELLORA DOS EQUIPAMENTOS E SERVIZOS PÚBLICOS NAS PARROQUIAS DA COMARCA

Desenvolveranse as seguintes ACCIÓNS:

1.- Rehabilitación de edificios e equipamentos adicados a locais sociais. 2.- Mellora e desenvolvemento de infraestructuras de lecer. 3.- Servizos de orientación ó emprego para colectivos de difícil inserción no rural. 4.- Creación, ampliación e mellora de empresas de servizos persoais, asistenciais e outras de carácter social no territorio. 5.- Infraestructuras deportivas no rural. 6.- Plan de mobilidade e transporte público no rural. 7.- Promoción e difusión do Patrimonio musical da Comarca de Deza. Programación de actividades. Aplicación das TIC no encino musical. 8.- Desenvolvemento da Administración electrónica no eido local. 9.- Creación de Centros integrais de recursos para persoas con discapacidade. 10.- Creación de Centros residenciais e pisos tutelados para persoas con discapacidade. 11.- Creación de servizos de atención integral á infancia. 12.- Creación de Centros de maiores non dependentes. Instalacións para maiores. 13.- Creación de Centros de inclusión e emerxencia social e inserción e inclusión sociolaboral.

Dentro do obxectivo D) REHABILITACIÓN, MELLORA E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL (NON INCLUIDO EN ESPAZOS FORESTAIS), CULTURAL E ARQUITECTÓNICO, CON ESPECIAL ATENCIÓN Ó SEU BAIXO USO SOCIAL BAIXO UN ENFOQUE AMBIENTALMENTE RESPONSABLE .

Desenvolveranse as seguintes ACCIÓNS:

1.- Recuperación do patrimonio etnográfico, cultural e arqueolóxico da Comarca. 2.- Rehabilitación de edificios de singular valor arquitectónico para o a Comarca de Deza. 3.- Dotación de infraestructuras de valorización do patrimonio rural. 4.- Desenvolvemento de áreas recreativas, praias fluviaís e zonas verdes. 5.- Habilitación dos recursos naturais para un uso turístico e social. 6.- Rehabilitación e posta en valor dos Pendellos da Comarca. 7.-

Plan de valorización de elementos castrexos e arqueolóxico na Comarca co fin de dinamizar o espazo rural.

Dentro do obxectivo E) CAPACITACIÓN DO CAPITAL HUMANO PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE, ESPECIALMENTE NO EMPREGO DE NOVAS TECNOLOXÍAS DE PRODUCCIÓN, TRANSFORMACIÓN, COMERCIALIZACIÓN, TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN, INNOVACIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN, MELLORA DA FORMACIÓN DO EMPRESARIADO LOCAL. SISTEMAS DE INFORMACIÓN, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA PRODUCCIÓN LOCAL BUSCANDO A ASOCIACIÓN DO TERRITORIO E CALIDADE.

Desenvolveranse as seguintes ACCIÓNS:

1.- Formación no emprego de novas tecnoloxías de produción, transformación, comercialización e da xestión da innovación nas pemes, dirección e planificación estratéxica comercial. 2.- Capacitación no desenvolvemento de sistemas de xestión ambiental, sistemas de xestión de calidade e na dirección e planificación estratéxica empresarial. 3.- Desenvolvemento de estudos de novos nichos de mercado e oportunidades de negocio. 4.- Fomento da produción local. 5.- Desenvolvemento de etiquetas de calidade e de identificación xeográfica. 6.- Potenciación da redacción técnica de instrumentos de xestión forestal sostible. 7.- Desenvolvemento de campañas e concursos para a valorización do territorio. Promoción e márketing da produción local. 8.- Asistencias técnicas para desenvolvemento de proxectos e estudo de liñas de axuda

Priorizaranse aqueles proxectos que contribuían aos seguintes fins:

Diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias. Creación, ampliación, modernización e/ou traslado de PEMES, en sectores da economía diferentes ao da produción agraria primaria. Fomento de actividades turísticas

- Infraestruturas a pequena escala, tales como centros de información turística.
- Rutas de sendeirismo e outras infraestruturas turísticas.
- Desenvolvemento e/ou comercialización de novos produtos e servizos turísticos relacionados co turismo rural.

Servizos básicos para a economía e a poboación rural. Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural. Apoio ás empresas vencelladas ás accións do programa; creación e modernización de empresas que valoricen a economía local; recuperación de oficios artesanais. Actividades de turismo alternativo, agroturismo, turismo cultural, e turismo de natureza ; Investimentos en establecementos de alta calidade; sinalización de contornos de interese paisaxísticoe elaboración de roteiros

temáticos; creación de centros de reserva; creación de pequenas empresas que ofrezan servizos turísticos de carácter medioambiental e cultural; actividades complementarias do turismo adicadas ó público infantil (granxas escola); investimentos en establecementos de aloxamento e restauración de alta calidade ligados ós recursos naturais, patrimoniais e gastronómicos.

4.6. ELEMENTO AGLUTINANTE:

O Desenvolvemento Rural fundaméntase na vontade de facer fronte ás disparidades territoriais:

Equiparar as condicións de vida da poboación rural ás da poboación urbana

Os fondos estruturais son un dos instrumentos financeiros cos que Europa tenta de reducir ás diferencias entre os distintos territorios que a conforman.

As correntes teóricas actuais apostan por un enfoque combinado (arriba – abaixo, abaixo – arriba) (endógeno – exógeno), buscando o nivel de descentralización axeitado para acadar a maior eficacia posible. Propoñen a suma de forzas de carácter local coas de carácter externo para impulsa-lo desenvolvemento rural. “Pensa global e actúa local”.

Un dos avances teóricos máis significativos ae ciencia rexional foi a substitución do concepto de espacia polo de territorio.

Enfoque leader = Desenvolvemento endógeno local

O territorio está dotado dunha dinámica autónoma. Actúa como axente de desenvolvemento económico e de transformación social, influindo activamente sobre a economía por medio do capital humano, a tecnoloxía, as redes, a cultura e a política.

A *dimensión económica* supón a capacidade de emprender da poboación en base ós recursos locais e de competir no mercado:

Crear negocios viables e sostibles

A *dimensión sociocultural* está nos valores e nas institucións locais que serven de base ó proceso de desenvolvemento que se fortalecen en base á propia estratexia: **Crear capital social** . Reforzamento dos vínculos entre a sociedade civil as autoridades locais e rexionais.

O novo paradigma de desenvolvemento rural fala dun enfoque territorial e integrado non concentrando os esforzos nun determinado sector, senon sobre o territorio. Multiplicidade de actores tanto locais como externos. Poñer o énfasis nas oportunidades, non nas limitacións e fronte a unha política de subsidios apóstase por unha política de inversións.

Maior confianza nas pequenas inversións e menos admiración polos grandes proxectos. Non polariza-la atención nun determinado enfoque e postar pola combinación intelixente dos enfoques aplicables.

Esforzo pola mellora da planificación estratéxica mediante unha reflexión continuada de mellora do proceso participativo e da súa actualización. Deseño de mecanismos de participación real.

Priorización de actuacións con repercusión en todo o territorio, innovadoras e multisectoriais.

Seguimento e avaliación continua das actuacións revisando a súa vinculación coa estratexia indo máis alá da avaliación dos grados de execución.

4.7. INDICADORES.

Revisarase o programa periodicamente para determinar o grao de cumprimento ou as posibles desviacións detectadas cara aos obxectivos previstos. A realización destas análises cos indicadores será unha ferramenta empregado polo grupo de desenvolvemento rural do Deza para realizar unha nova diagnose nesta etapa. Refléxanse nos Anexos correspondentes

4.8. COMPLEMENTARIEDADE CON OUTROS FONDOS.

O Grupo de Desenvolvemento Rural do Deza empregará, ademáis dos fondos do programa Leader, calquera outro fondo que poida repercutir no territorio de acción; tanto no concerninte ás actuacións financiadas co programa Leader, coma ás posibles sinerxías con outros programas ou grupos de desenvolvemento rural (en cooperación).

Para elo estudarase a posibilidade de acadar subvencións compatibles e/ou complementarias de fondos europeos, estatais ou autonómicos.